


Recursos formais

Toda a literatura medieval está condicionada polo feito de estar pensada non para ser lida, senón cantada. Moitos dos recursos utilizados tiñan como finalidade facilitar a comprensión e a memorización. Ao tratarse de poemas destinados ao canto, tiñan ademais un ritmo moi marcado.

Os recursos máis característicos son:

- **Paralelismo**: consiste na repetición, con lixeiras variantes, dos versos dunha estrofa na seguinte (paralelismo verbal ou literal). Con menos frecuencia, o que se repite é a idea con outras palabras (paralelismo semántico) ou a estrutura sintáctica (paralelismo estrutural).
- **Leixaprén**: é a repetición dos segundos versos de cada par de estrofas como primeiros do par seguintes. Une así cada par de estrofas ao seguinte.
- **Refrán**: consiste na repetición literal dun verso, de dous ou de tres, habitualmente ao final de cada estrofa.



Martín Códax